

CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA GOBERNO LOCAL PARA O LUNS DÍA 21 DE NOVEMBRO DE 2016 (XGL 23/2016)

Conforme ó ordenado pola Alcaldía por resolución 3138/2016 de 17 de novembro, e de acordo co previsto no art. 113.1 e 2 do R.D. 2568/1986, como membro do seguinte órgano colexiado deste Concello, convócaselle á **sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local** que terá lugar na Casa do Concello o **día 21 de novembro de 2016, ás 13:30 horas** en primeira convocatoria, e, de non haber "quórum" suficiente, en segunda convocatoria unha hora despois.

Asi mesmo informáselle que a copia do borrador da Acta da sesión anterior foille remitida en formato PDF ó enderezo electrónico que consta na copia da notificación da convocatoria. Do mesmo xeito, comunícaselle que a partir desta data está a súa disposición, nesta Secretaría Xeral, a documentación dos asuntos que se inclúen na Orde do Día da presente convocatoria.

Sesión de: Xunta de Goberno Local	Data da sesión: luns 21/11/2016
Convocatoria: Sesión ordinaria 24/2016	Hora: 13:30 h.

1.- Acta da sesión anterior (07/11/2016). Aprobación.

2.- Publicacións boletíns oficiais.

3.- Xulgados e tribunais.

4.- Concurso de escaparates para o sector comercial en Carballo. Aprobación das bases.

5.- Axudas ás familias para as actividades de conciliación no verán do ano 2016.

6.- Convenios

6.1.-Acordo entre a axencia para a modernización tecnolóxica da Xunta e o Concello de Carballo para acceder ás funcionalidades de solucións tecnolóxicas básicas de administración electrónica contidas no convenio de colaboración entre a Administración Xeral do Estado (MINHAP) e a AMTEGA para a prestación mutua de solucións básicas de Administración electrónica.

(CONV.34/2016). Aprobación.

7.- Licenzas de obra

7.1.- Reformado de proxecto de vivenda unifamiliar en Reixía, Sofán. Expte. 12/2016.

7.2.- Licenza para vivenda unifamiliar en Bértoa. Proxecto básico. Expte. 86/2016.

7.3.- Licenza para a demolición de alpendre en ruína e construción dun novo en Baralla, Rus. Expte. 66/2016.

7.4.- Licenza de legalización de obras de rehabilitación e consolidación estrutural de vivenda tradicional no Rodo, Oza. Expte. 97/2016.

8.- Licenza de primeira ocupación

8.1.- Licenza de primeira ocupación de nave para actividade de confitería na parcela G-5, nave 8, do Polígono Industrial de Bértoa. Expte. 86/2016.

9.- Expedientes de contratación. Aprobación

9.1.- Contrato de servizos de "Mantemento dos ascensores e aparatos elevadores do Concello de Carballo". (SAT 41/2016).

10.- Expedientes de contratación. Adxudicación

10.1.- Contrato administrativo de servizos de "Subministración e servizo de antivirus e seguridade no equipamento informático e de comunicacións do Concello de Carballo" (SAT 28/2016).

11.- Rogos e preguntas

O que se notifica ós correspondentes efectos.

En proba da recepción da convocatoria e a orde do día, sívase asinar a presente.

Carballo, 17 de novembro de 2016
A Secretaria/acctal.

Dna. Susana Mariño Lorenzo

